

DECLARACION SOBOR DOS CINES NACIONALES

Os abaixo firmantes, comprometidos dun xeito ou de outro co cine que se realiza nas distintas nacionalidades do Estado Español e preocupados porque os cines nacionales resposten ás necesidades socio-políticas e culturais de cada ún dos pobos que conforman a Península e Illas Canarias, escudando asímesmo situacións coloniales no que ao fenómeno cinematográfico se refire, presentes nas "IV XORNADAS DO CINE EN OURENSE", declaran:

- 1.- Entendemos por CINES NACIONALES aqueles que conciben o fenómeno cinematográfico como instrumento de loita ideolóxica das clases esplotadas das distintas nacionalidades do Estado Español.
- 2.- Pra que cada ún dos cines nacionales resposten a iste presuposto, recollerán e amostrarán as características i aspiracións propias e diferenciadas de cada ún dos pobos do actual Estado Español.
- 3.- No que toca ao País Galego, País Vasco, Países Catalás, Illas Baleares e País Valenciano, que teñen como célula dinamizadora da súa personalidade diferenciada unha lingua propia, o cine que se realice neles terá que utilizala como ún dos elementos básicos que o conformen de acordo co primeiro punto.
- 4.- Cóida necesario e urxente crear en cada unha das nacionalidades do Estado Español adoitadas infraestructuras industriales (producción, distribución ~~expresión~~ i esibición) que fagan posible e viable iste cine, comprometéndose os que traballan en pro do desenrolo distes cines nacionales a facelas realidade, coa obriga dunha interconexión entre eles e vencellándose ao mesmo tempo aos organismos unitarios de base de cada nacionalidade.

Os firmantes do manifesto arriba enunciado adírense á petición xeral de amnistía.

Iste manifesto quedax proposto como base de traballo pra todos aqueles que estean interesados no feito cinematográfico i está redactado en castelán, galego, vasco, catalán e valenciano.

OURENSE, 10 de xaneiro - 1.976

Firman entre outros: Carlos Varela Veiga, David Cortón Lamelas, Francisco M. Taxes, Miguel Gato Luaces, Lois Alvarez Pousa, Eloy Lozano Coello e Roberto Pérez Pardo (PAIS GALEGO) --- Antonio José Sánchez Bolaños (CANARIAS) -- Antón Mericaechevarría (PAIS VASCO) -- José M^a Prado e Bernardo López (CASTELA) -- Julio Pérez Perucha e José Luis Seguí Rico (PAIS VALENCIANO) -- Joaquín Romaguera e Miquel Martí Rom (PAISES CATALAS)